

# A oposición abandona o pleno da corporación ao non incluírse as súas mocións na orde do día

31, Maio 2016 Cope Carballiño [f](#) [t](#) [w](#) [p](#)





Os concelleiros de Fai O Irixo, Polos Veciños, e PSdeG abandonaron ao seu inicio a sesión de pleno da corporación municipal do Irixo, unha vez deixaron patente a súa disconformidade coa orde do día, na que tan so se incluíron dúas mocións da oposición.

Fixérono como medida de protesta sobre o que entenden é "falta de respecto democrático do grupo de goberno do alcalde Manuel Penedo, falta de respecto pola democracia e ao noso traballo como concelleiros", manifestaron unha vez que abandonaron o salón de plenos.

Os 3 concelleiros da oposición, Florentino Pérez, José Manuel Prieto e Iago Fariñas, presentaron no transcurso dos últimos meses un total de 17 mocións para ser debatidas no pleno corporativo, polo que consideran "un ninguneo a nosa labor de concelleiros o feito de que o alcalde ignóreas".

Esperan que o rexedor reconsidere a súa actitude e as inclua no próximo pleno que celebre a corporación, e anuncian que se non fose así, presentarán a solicitude dun pleno extraordinario.

## RADIO EN DIRECTO



## TEMPO

### O Carballiño

Hoxe, Xuño 1, 2016  
23:00-05:00



Mañá, Xuño 2, 2016  
11:00-17:00



Xuño 3, 2016  
11:00-17:00



O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

## CURTAS

A COMPAÑÍA REDRUM TEATRO PRESENTA NO CARBALLIÑO A COMEDIA "NOITEBOA". SÁBADO 29 DE MAIO ÁS 18:30 HORAS NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

5ª FOLIADA DE LEIRO. SÁBADO DIA 28 DE MAIO DENDE AS 9 DA NOITE NO PARQUE DO SALGUEIRAL, MÚSICA TRADICIONAL, BAILE E MOITA TROULA.

SERÁN MUSICAL E FESTA DA TORTILLA DE MANDRÁS (CEA) O SÁBADO 21 DE MAIO DENDE AS 20:30 HORAS. DEGUSTACIÓN GRATUITA DE TORTILLA E ACTUACIÓNS DE GRUPOS DE MÚSICA E CANTO TRADICIONAL.

3ª ANDAINA SOLIDARIA DA CRUZ VERMELLA DO CARBALLIÑO, O DOMINGO 22 DE MAIO CON SAÍDA ÁS 10:30 DA MAÑÁ DENDE A PRAZA MAIOR. COLABORACIÓN: 10 EUROS.

CHEGA A O CARBALLIÑO O MUSICAL INFANTIL "MOITO CONTO" DA COMPAÑÍA REDRUN TEATRO. O DOMINGO DIA 15 DE

MAIO ÁS 12 DA MAÑÁ NO AUDITORIO.  
ENTRADA: 5 EUROS.

---

MANUEL MANQUIÑA TRAE A O  
CARBALLIÑO O SEU ESPECTÁCULO  
"TRIBULACIONES DE UN TIPO NORMAL".  
SÁBADO DIA 14 DE MAIO ÁS 21 HORAS NO  
AUDITORIO DO CARBALLIÑO. ENTRADA:  
12 EUROS.

---

EDUCATEATRO PRODUCCIÓNS  
PRESENTA O ESPECTÁCULO MUSICAL E  
TEATRAL "A CARAPUCHIÑA VERMELLA", O  
DOMINGO 8 DE ABRIL ÁS 5 DA TARDE NO  
AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

---

TEATRO DO ATLÁNTICO PRESENTA NO  
AUDITORIO DO CARBALLIÑO O  
ESPÉCTACULO GAÑADOR DE 5 PREMIOS  
MARÍA CASARES "O PRINCIPIO DE  
ARQUÍMEDES". SÁBADO 30 DE ABRIL ÁS  
20:30 HORAS.

---

DIA DO LIBRO NA CASA DA CULTURA DO  
CARBALLIÑO: SÁBADO 23 DE ABRIL ÁS 12  
DA MAÑÁ, VELADA LITERARIA DEDICADA  
A MANUEL MARÍA E O CANTIGUEIRO DE  
ORCELLÓN.

---

A AGRUPACIÓN MUSICAL DA LIMIA, A  
BANDA DE GAITAS DO CARBALLIÑO E O  
GAITEIRO SOLISTA ISIDRO VELA OFRECEN  
UN CONCERTO CONXUNTO, O DOMINGO  
17 DE ABRIL ÁS 18:30 HORAS NO  
AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

---

Desenrolado por [coroa.es](http://coroa.es)

